

Resolución do 4 de xullo de 2023 do Tribunal de selección para a cobertura do posto de Dirección de Calidade, Prevención e Medio Ambiente da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA.

Na sesión que tivo lugar o día 30 de xuño 2023, o Tribunal de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo (Director/a de Calidade, Prevención e Medio Ambiente da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.- Publicar a relación coa puntuación obtida na segunda fase polos aspirantes que superaron a primeira fase do procedemento selectivo, contida no Anexo I da presente resolución, na web e no taboleiro de anuncios de RETEGAL

Segundo.- Publicar a relación coa puntuación obtida na terceira fase polos aspirantes que superaron a primeira fase do procedemento selectivo , contida no Anexo II da presente resolución, na web e no taboleiro de anuncios de RETEGAL

Terceiro.- Conceder aos aspirantes un prazo de tres días hábiles,segundo o apartado 8.4- 4ª fase das bases, contados desde o seguinte ao da publicación pública na páxina web de RETEGAL da presente resolución, para acreditar que posuía no día da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) o Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2023

O presidente do Tribunal

José Luis Somoza Digón



ANEXO I: PUNTUACIÓN DO APARTADO 8.2-2ª FASE: AVALIACIÓN DE MEMORIA DE ACTIVIDADES

A puntuación máxima nesta segunda fase é de 41 puntos. A memoria valorarase conforme os seguintes criterios establecidos nas bases

- Criterio 1: Adecuación dos plans propostos.
- Criterio 2: Viabilidade de execución
- Criterio 3: Propostas de implementación

Cada un dos tres criterios anteriores valorase de 0 a 10, normalizándose o resultado do seu sumatorio aos 41 puntos máximos da fase.

As puntuacións outorgadas aos aspirantes son:

Nome e apelidos	Luis Antelo Amigo	Alfonso Argüeso López	Juan Cores Calvo	Ignacio Fernández Díaz	María Ángeles Miguéns García
Criterio 1	7	7	8	6	6
Criterio 2	6	8	8	5	6
Criterio 3	7	7	8	5	5
TOTAL antes de normalizar	20	22	24	16	17
TOTAL normalizado	27,33	30,07	32,80	21,87	23,23



ANEXO II: PUNTUACIÓN DO APARTADO 8.2-23 FASE: ENTREVISTA PERSOAL

A puntuación máxima nesta segunda fase é de 9 puntos. A entrevista valorarase conforme os seguintes criterios establecidos nas bases:

- Criterio 1: Habilidades de dirección e coñecementos sobre aspectos relacionados cos procesos de dirección no ámbito da calidade, prevención e medio ambiente dunha empresa pública do sector das telecomunicacións.
- Criterio 2: Adaptación do perfil ao posto de traballo.
- Criterio 3: Habilidades de comunicación, coordinación, negociación.

Cada un dos tres criterios anteriores valorase de 0 a 3 puntos

As puntuacións outorgadas aos aspirantes son:

Nome e apelidos	Luis Antelo Amigo	Alfonso Argüeso López	Juan Cores Calvo	Ignacio Fernández Díaz	María Ángeles Miguéns García
Criterio 1	2	3	3	2	2
Criterio 2	3	2	3	2	2
Criterio 3	3	3	3	2	3
TOTAL	8	8	9	6	7



